



## PROTOCOLO DE CAPTURA DE RAIÑAS DE VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) EN PRIMAVERA

A colocación de trampas para a captura de raiñas pode ser un método importante na loita fronte a Vespa velutina, xa que cada raiña capturada suporá que haberá un niño menos no entorno. As novas raiñas nadas no outono anterior emerxen do período de hibernación a finais de febreiro-inicio de marzo, e comezarán a construír o niño, para a continuación realizar a primeira posta de ovos. A finais de maio-primeiros de xuño, nacen as primeiras vespas obreiras, pasando estas a realizar todas as labores necesarias para o desenvolvemento da colonia. A partir deste momento, as raiñas permanecerán constantemente no interior do niño, ocupándose unicamente da tarefa de posta de ovos. Consecuentemente, é necesario aproveitar o período no que as raiñas se mostren activas no exterior do niño para proceder á súa captura, é dicir, durante os meses de febreiro, marzo e abril e, no seu caso, maio.

As experiencias na loita fronte a Vespa velutina sinalan que a colocación de trampas no entorno dos colmeares presenta unha alta eficacia na captura das raiñas. Aos efectos de reforzar a loita fronte a Vespa velutina, a CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR distribuirá aos apicultores das zonas máis afectadas trampas comerciais e líquido atraínte, co obxecto de que as coloquen nas proximidades das súas colmeas, recollendo o maior número posible de raiñas



### MÓDELOS DE TRAMPAS ARTESANAIS E COMERCIAIS.



Na trampa artesanal, a cera vella fermentada, a cervexa negra ou o sirope de grosella ou de arandos son considerados bos atraentes caseiros

Na trampa comercial deben verterse 125 ml de líquido atraínte na trampa (1/4 do frasco), e engadir a mesma cantidade de auga, ata acadar o nivel sinalado na trampa (uns 250 ml). Cando o nivel do líquido baixe por efecto da evaporación, pode enchese novamente con auga ata acadar outra vez o nivel mínimo sinalado. O líquido atraínte debe renovarse cada 15 días.

### PROPORCIÓN DE TRAMPAS A COLOCAR NA ÉPOCA DE TRAMPEO

- 1 trampa en colmeares de ata 10 colmeas.
- 2 trampas en colmeares de ata 25 colmeas.
- 3 trampas en colmeares de ata 50 colmeas.
- 4 trampas en colmeares de máis de 50 colmeas.

As trampas deben ser colocadas na proporción sinalada a unha altura de aproximada de 1,5 metros, e nun radio de 100 metros arredor dos apiarios.

É importante que as trampas só sexan colocadas nas zonas onde se detectaron niños, e que o número de trampas se axuste ao necesario. Debe terse sempre en conta xa que non existe ningún atraínte que sexa específico para a Vespa velutina, polo que o uso en zonas nas que non se coñeza a presenza esta especie, ou a utilización dun número de trampas excesivo vai supoñer que se capturen indiscriminadamente doutras especies de insectos, producindo efectos colaterais adversos sobre a entomofauna e poñéndose en risco a biodiversidade.